



Concello de Cangas

AXUDAS AO EMPRENDEMENTO E Á CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL

Cangas, 17/08/2017

Dende a Concellaría de Desenvolvemento Económico e Emprego Local do Concello de Cangas quérese dar difusión a unha serie de axudas de recente publicación relativas ao emprendemento e á consolidación empresarial en prazo de solicitude da Xunta de Galicia, e poñer á disposición da veciñanza os servizos da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello para ampliar información sobre as mesmas:

Convocante	DOG PUBLICACIÓN	DENOMINACIÓN RESUMIDA	OBXECTO	PRAZO XENÉRICO
Consellería de Economía, Emprego e Industria	DOG nº 144, de 31/07/2017	BONO AUTÓNOMO (TR341Q)	Axuda para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional de persoas traballadoras autónomas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 6, para actuacións de profesionalización, desenvolvemento estratéxico e de mellora da competitividade segundo o artigo 7.	31/08/2017
Consellería de Economía, Emprego e Industria	DOG nº 148, de 04/08/2017	SUBVENCIONES EMPREGO AUTÓNOMO E CONTRATACIÓN PERSOAS INSCRITAS NO SNGX (TR341J, TR341I, TR341L, TR341C)	Subvención para acadar a inserción de persoas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a través da promoción do emprego autónomo, da creación de incentivos a empresas para a contratación deste colectivo, e programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro que inserten a persoas inscritas no SNGX.	30/09/2017



Concello de Cangas

Secretaría Xeral de Igualdade	DOG nº 148, de 04/08/2017	PROGRAMA EMEGA PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA (SI429A)	Axudas para apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación e ter acceso a servizos de titorización empresarial.	04/09/2017
Consellería de Economía, Emprego e Industria	DOG nº 152, de 10/08/2017	INCENTIVOS A EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (TR340E)	Programa de axudas ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.	30/09/2017
Consellería de Economía, Emprego e Industria	DOG nº 153, de 11/08/2017	SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE EXPANSIÓN COMERCIAL (IN228A)	Subvencións para proxectos de expansión do sector comercial retalista.	11/09/2017

Asemade, débese lembrar que seguen en prazo, entre outros, o programa de “Axudas a persoas traballadoras autónomas” (TR341D e TR349F) convocado polo DOG nº 50, do 13/03/2017, e o “Programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas de longa duración” (TR349R), convocado polo DOG nº 68, do 6/04/2017.

Concellaría de Desenvolvemento Económico e Emprego Local